

## **O ROL PROFESIONAL DO/A PSICÓLOGO/A DA INTERVENCIÓN SOCIAL**

### **DEFINICIÓN DO TERMINO E OBXECTIVOS.**

A Psicoloxía de Intervención Social (PSIS, en adiante), pertence a unha das ramas da Psicoloxía e xorde, na súa evolución histórica, para dar resposta ás necesidades de avaliar e actuar nas relacións entre as persoas e os seus diversos contextos.

O estereotipo dominante do/a psicólogo/a é o que nos identifica como “clínicos”. Isto sucede tanto na poboación en xeral coma nos outros/as profesionais das áreas de benestar social. Pouco a pouco, outras visións van aparecendo debido fundamentalmente, por unha banda ao redescubrimento da perspectiva comunitaria e pola outra, á emerxencia de políticas sociais que fan aparecer este novo rol e función social da PSIS no marco dos servizos sociais, sexan de base comunitaria ou de servizos especializados.

É nos servizos sociais, pilar fundamental do estado de benestar, de onde xorde o novo rol da PSIS, como un recurso máis entre outros profesionais, para prestar asistencia ás persoas e colectivos máis necesitados da nosa sociedade e en situacións de maior presión social. Pero hoxe en día, non é tanto centrarse en enfoques de carencia, patoloxía e déficit senón en actuar dende unha intervención proactiva (adiantándose aos problemas), preventiva e de mellora de persoas e grupos, cun enfoque máis amplo, na busca dunha mellora na calidade de vida e no benestar das persoas e colectividade.

Os obxectivos da intervención social son, polo tanto, os de reducir ou previr situacións de risco social e persoal, sendo ese risco definido pola falta de cobertura nas necesidades humanas elementais, directamente condicionadas polo entorno social: necesidade de subsistencia, de participación social, de información, de recursos materiais, de non discriminación, etc.

É un factor esencial a abordaxe interdisciplinar para dar conta da complexidade dos obxectivos da intervención social, na que participen diversos/as profesionais que, dende as súas distintas visións, enriquezan e fagan posible unha mellor consecución das metas, así como a coordinación entre os/as diferentes profesionais que actúan.

## **FUNCIÓNS DA/O PSICÓLOGA/O DA INTERVENCIÓN SOCIAL.**

1. **Dinamización comunitaria** para a reconstrución do tecido social, perseguindo unha maior conciencia de comunidade e solidariedade.
2. **Asesoramento e consultoría** cara aos/ás profesionais duns servizos, que están en contacto directo coa poboación obxecto.
3. **Atención directa** a individuos, grupos (exemplo: grupos de autoaxuda), e comunidades (exemplo: traballo dende un programa de prevención de embarazos na adolescencia). En tódolos casos, a/o profesional da psicoloxía tende á construción de competencias, habilidades e recursos no/a destinatario/a ou destinatarios/as, cara a que eles enfronten os seus problemas con posibilidades de éxito.
4. **Investigación:** realización de prospeccións e estudos que sirvan para apoiar o traballo diario. Neste sentido, as/os psicólogas/os temos unha situación privilexiada polo peso que no noso currículo formativo teñen as técnicas de investigación.
5. **Realización de planificación e programas,** ferramentas ambas imprescindibles para o traballo nun campo tan complexo como é o da intervención social.

6. **Avaliación de programas**, isto é, estudo sistemático dos compoñentes, procesos e resultados das intervencións e programas.
7. **Dirección e xestión**. Os/as psicólogos/as veñen a ser un persoal idóneo para as tarefas de xestión pola visión de conxunto que logran acadar nas súas actividades.
8. **Deseño e impartición de actividades formativas** para os/as outros/as profesionais dos servizos sociais.

## **PROCEDEMENTOS, TÉCNICAS E INSTRUMENTOS UTILIZADOS POLAS/OS PSICÓLOGAS/OS DE INTERVENCIÓN SOCIAL.**

- Intervención grupal para desenvolver obxectivos de organización e dinamización comunitaria.
- Intervención e terapia familiar, xa que a familia vai ser, en moitos casos, o escenario máis habitual do/a psicólogo/a. Dentro dela, tentará saber a capacidade e competencia dos seus membros no cumprimento das obrigas que lle son propias: apoio afectivo, instrumental e material.
- Técnicas de mediación e negociación aplicables en situacións de conflito de intereses entre grupos ou persoas.
- Técnicas de avaliación e intervención ambiental, incorporados da psicoloxía ambiental, na que se teñen en conta os distintos contextos nos que está incluída a persoa (ámbito familiar, laboral, de grupo de iguais, sociopolítico, ...). A partir da recollida de datos, elaboraranse programas para harmonizar os diferentes contextos.
- Técnicas de investigación social que lle son propias: enquisas, o método Delphi, grupos de discusión, entrevistas abertas, análise de casos, elaboración de indicadores sociais, entre outras.

## ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

### 1. Intervención na Comunidade.

A psicóloga/o da intervención social traballa coa finalidade de promover competencias da comunidade para que ela mesma poda analizar os seus problemas e xerar recursos para afrontalos. Un dos seus focos é a prevención; outros serían a participación social e a sensibilización dos grupos cara a problemas concretos.

Un dos contextos máis importantes de traballo para os/as psicólogos/as, teñen que ser os servizos sociais comunitarios, complementado coa atención directa aos/ás cidadáns.

### 2. Familia e infancia.

Neste área tratarán de desenvolver os dereitos dos menores de idade, velando porque estes se realicen nunhas boas condicións. Cando se traballe no grupo familiar, tentarase superar a desprotección ou sobreprotección do menor, mediante programas que formen en habilidades parentais.

Cando sexa preciso tomar a medida de separación temporal da/o nena/o da súa familia, o/a profesional da psicoloxía fará avaliacións das familias acolledoras e do seguimento que se produza entre a familia e o/a neno/a, así como participará no asesoramento ás familias no proceso de adaptación.

No caso das adopcións, a/o psicóloga/o realizará unha avaliación e dictame de idoneidade dos adoptantes. Igual sucederá no caso do ingreso residencial dun/dunha menor que presenta condutas infractoras.

Nos xulgados de menores, pode facer asesoramento ao/á xuíz/a na súa toma de decisións, mediante peritaxe psicolóxico-social. Tamén pode facer un seguimento das medidas adoptadas.

### **3. Terceira Idade.**

Este é un dos ámbitos que, por razóns demográficas, máis está medrando na atención que dende os servizos sociais se lle está prestando. O enfoque co que se observaba esta etapa da vida foi cambiando, e agora vese máis como oportunidade que como unha etapa marcada polo declive, non obstante, segue a ser un reto adaptativo no que o/a psicólogo/a de intervención social ten un importante papel. A/o psicóloga/o pode traballar dende os servizos sociais comunitarios, para a promoción da participación e a autonomía cara a súa permanencia independente no seu domicilio. E dende os servizos especializados, como residencias, centros de día, tería entre outras funcións, as de avaliación afectiva, cognitiva e social e a elaboración de programas individuais de actuación, planificación e deseño de programas, e avaliación dos mesmos. Tamén de especial importancia, o traballo coas familias cuidadoras.

### **4. Discapacidades e minusvalías.**

Tanto nas discapacidades físicas, como nas psíquicas ou sensoriais, o/a psicólogo/a tratará prestar apoio na superación dos problemas da persoa afectada e da súa familia, mediante a posta en marcha de programas. Ademais, fará avaliación da discapacidade, rehabilitación e facilitará recursos. É imprescindible tamén o seu labor en canto a dinamizador do tecido asociativo neste sector, e a aposta polo cambio de actitudes que posibiliten a integración os distintos niveis: na escola, no traballo, na comunidade, nas actividades de lecer, etc.

### **5. Muller.**

Os programas específicos de atención á muller fóronse consolidando. Neles os/as psicólogos/as teñen un papel relevante. Presentes nos Centros de Información á Muller (CIM) en tarefas de valoración e diagnóstico psicolóxico ás mulleres que o precisen, así como de terapia de apoio. Planificación de campañas de sensibilización

e concienciación á comunidade de problemas que afectan á muller como malos tratos, saúde laboral, etc.

Nos programas de inserción laboral de mulleres desempregadas, fará tarefas de deseño e elaboración de contidos formativos, orientación laboral, técnicas de busca de emprego e deseño de itinerarios ocupacionais personalizados.

Nas Casas de Acollida, traballará sobre as secuelas e o impacto psicolóxico das situacións de violencia vividas polas mulleres, así como no aumento da súa autoestima mediante técnicas de traballo individuais e grupais, dependendo do momento no que se atope a vítima.

## **6. Xuventude.**

Neste ámbito, a/o psicóloga/o desenvolve un traballo de potenciación de iniciativas na ocupación do tempo libre por parte dos/as mozos/as, promoción do asociacionismo, estratexias de animación sociocultural. Tamén programas específicos de busca de emprego e orientación profesional. Formación e información sobre temas de sexualidade, conducción responsable, prevención do consumo de drogas, de hábitos de alimentación saudables, etc. Programas preventivos cuns dispositivos de información próximos (Exemplo: “Quérote”, sobre información afectivo-sexual), e de campañas de divulgación que teñan impacto entre a xente máis nova.

## **7. Minorías sociais e inmigrantes.**

Os servizos sociais neste sector, son un elemento fundamental para a integración en sociedade destes colectivos. O papel da/o psicóloga/o diríxese a garantir a adquisición de habilidades persoais para a adaptación ao entorno, así como a desenvolver recursos propios. Intervirá tamén no cambio de actitudes sociais e na tolerancia social.

## **HABILIDADES PROPIAS DO/A PSICÓLOGO/A SOCIAL**

### **O ser:**

- O/a Psicólogo/a da Intervención Social ten que desenvolver habilidades de diálogo, participación e respecto cara os demais profesionais que actúan no cambio social.
- Ten que ter un marco de referencia ético e un forte compromiso con valores de solidariedade, así como un empeño en acadar unha maior calidade de vida e benestar das persoas e comunidades.

### **O saber:**

- Coñecementos teóricos sobre os distintos ámbitos da Psicoloxía da Intervención Social.
- Coñecementos sobre competencias dos distintos niveis da Administración.
- Coñecemento dos Sistemas Públicos de Protección Social e as leis que os ordenan.
- Saber deseñar e executar os programas de actuación referidos a cada un dos sectores definidos.
- Coñecementos sobre metodoloxía e técnicas de traballo nos distintos sectores.
- Garantir a coordinación e o establecemento de canles de comunicación con asociacións e grupos de carácter sectorial.
- Garantir a coordinación con entidades colaboradoras na prestación de servizos e seguimento dos mesmos.

## **ONDE SITUAR A PRESENCIA DE PSICÓLOGOS/AS DE INTERVENCIÓN SOCIAL NO SISTEMA PÚBLICO.**

A Psicoloxía debe estar integrada nos servizos sociais comunitarios específicos e nos servizos sociais especializados:

A. Nos servizos sociais comunitarios:

- No asesoramento á dirección, dentro dunha unidade técnica creada a tal efecto.
- Nas tarefas de coordinación dos distintos programas específicos.
- Nos programas específicos (muller, infancia, xuventude, vellos, etc.).

B. Nos servizos sociais especializados:

- Presencia nos centros de menores.
- Nos centros de día.
- Nas residencias para maiores.

C. Creacións de estruturas estables en Concellos e Mancomunidades.

D. Equipos mancomunados e multidisciplinares para programas especializados.

Propoñemos a presenza de 1 psicólogo/a nos servizos sociais por cada 15.000 habitantes para garantir unha atención de calidade similar á doutros países.

Seguramente os Concellos pequenos terían que mancomunarse para poder contar coa presenza de psicólogos/as.

Con estas cifras tamén teríamos que ter en conta tanto a dispersión da poboación, o territorio (urbano ou rural) e as características socio-económicas do Concello ou Comarca.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2007.